

Breve ensaio histórico do estudo da fraseoloxía rusa (dende os seus inicios ata mediados da segunda metade do s. xx)

Brief historical essay on the study of Russian phraseology (from its beginnings until halfway through the second half of the 20th century)

Josefina Velasco Menéndez
Universidad de Salamanca
xoce@usal.es

Resumo: No presente artigo realízase un breve estudo panorámico da investigación fraseolóxica na lingüística rusa. A presentación das premisas lexicográficas e teóricas da fraseoloxía e mais as contribucións de diversos autores preséntanse en orde cronolóxica, o que permite apreciar o seu desenvolvemento histórico deste campo. Tamén se estudan os métodos lingüísticos máis coñecidos realizados polos estudosos rusos nas investigacións no campo da fraseoloxía. A intención é resaltar o máis destacado e importante das súas concepcións e achegas ao estudo da fraseoloxía, mesmo naqueles casos nos que se trata de achegas que tratan só aspectos parciais. Cada estudo, cada modelo de análise científico ten a súa xustificación dentro do marco das condicións históricas e dos principios filosóficos que o determinen na medida en que contribúa ao esclarecemento do obxecto de estudo, é dicir, a fraseoloxía e a unidade fraseolóxica.

Palabras clave: fraseoloxía, unidade fraseolóxica, investigadores e métodos rusos

Abstract: This is a short panoramic view on the development of the phraseological investigation in Russian linguistics. The author presents in chronological order the lexicographical and theoretical premises, as well as the contributions of different authors, describing the historical development of this field. The article contains a short study of the most frequent linguistic methods used by Russian phraseologists in their investigations. The aim of this article consists in underlining the most important ideas and contributions of Russian specialists in the study of phraseology, even when these contributions concern only one of the phraseological aspects. Every study, every model of scientific analysis is totally justified in its historical context and its own philosophical principles, if it contributes to the clarification of the main object: the phraseology and phraseological unity.

Keywords: phraseology, phraseologic unity, Russian methods and researchers.

Data de recepción 5.4.2013. Data de aceptación 29.5.2013.

1. A fraseoloxía como disciplina lingüística

A orixe do termo *fraseoloxía* remóntase ao grego *phrasis*, *phrásaōs* (‘expresión’) e *logos* (‘estudo, tratado’).

O termo fraseoloxía na actualidade ten dúas acepcións:

1. conxunto de unidades fraseolóxicas dunha lingua, da obra dun determinado autor ou dun grupo social;
2. rama da lingüística que se dedica ao estudo da unidade fraseolóxica (UF)¹.

Segundo o eminente fraseólogo húngaro Tátar, este termo, a xulgar polas fontes, entra na lingua rusa a finais do século XVIII, a partir do francés, como voz de uso restrinxido e con acepcións moi distintas das que entendemos hoxe en día (Ver: Даль 1880-1882; Фасмер 1953-1958) e, por exemplo, no *Diccionario Académico* de 1847 (Словарь 1847 года) aínda non está rexistrado. O seu significado de “conxunto de unidades fraseolóxicas” empeza a estenderse nos anos 60 do século XIX.

Na súa segunda acepción, o termo empeza a utilizarse aproximadamente a finais dos anos 20 do século XX².

O seguinte paso foi intentar separar a *fraseoloxía* do resto das disciplinas lingüísticas, outorgándolle unha categoría propia, independente. Esta era a opinión dos fraseólogos, que non compartían pola contra os lexicólogos, que consideraban a fraseoloxía como simple subsistema do léxico, posto que tanto as palabras como as UUFF comparten moitas características funcionais, sintagmáticas, paradigmáticas, etc. O certo é que ata os anos 60-80 do século XIX nas publicacións lingüísticas non se lle prestou á fraseoloxía rusa a atención que merecía e as escasas publicacións que aparecían limitábanse a ofrecer unhas observacións comparativas da fraseoloxía rusa con outras linguas.

¹ Ajmánova outórgalle ao termo tres acepcións independentes: 1. Rama da lingüística que se dedica ao estudo da combinatoria léxico-semántica dunha lingua; 2. Fondo fraseolóxico dunha lingua; 3. Conxunto, tipo, clase ou variedade de unidades fraseolóxicas (Ахманова 1969:504). Tamén atopamos tres interpretacións do termo nos traballos de Teliia: 1. Rama da lingüística que estuda o fondo fraseolóxico dunha lingua en sincronía e diacronía; 2. Conxunto de fraseoloxismos dunha lingua; 3. Conxunto de expresións características para un determinado grupo social, autor ou corrente literaria ou publicística (Телия 1979:381-385).

² Anteriormente, algúns lingüistas empregaban os termos *идиома* (idiomatismo) e *идиоматика* (idiomática). O termo ‘idiomática’ tiña dúas acepcións: 1. Conxunto de idiomatismos dunha lingua; 2. Rama lingüística que estuda o devandito conxunto. O termo *идиоматизм* ou *expresión idiomática* tamén se empregaba con dous significados, como ás veces sucede hoxe en día: 1. Locución cunhas características semánticas e sintácticas específicas e propias dunha lingua; 2. Unidade fraseolóxica cun matiz estilístico que lle outorga ao discurso elementos lúdicos, humorísticos, etc. Cómpre sinalar que o termo *идиоматизм* aparece no dicionario de Dahl co significado de “característica ou peculiaridade dunha lingua, fala ou dialecto” (Даль 1978, II:8).

2. Premisas da fraseoloxía

2.1. Premisas lexicográficas

As premissas da fraseoloxía como rama independente xeráronse no seo da lexicoloxía e da estilística funcional. De feito, na lexicoloxía rusa dende tres séculos antes xa se viña falando de combinacións de palabras cun significado específico, non deducible da suma dos significados parciais dos elementos compoñentes.

Así, no *Diccionario Parisiense dos moscovitas* (*Парижский словарь москвитов*), editado en París en 1586, constátanse e explícanse unha serie de locucións estables da linguaxe coloquial do século XVI. No *Diccionario de locucións de difícil comprensión* (*Азбуковники ... неудобь познаваемых речей*) e no *Diccionario explicativo de locucións estranxeiras* (*Алфавиты, сказующие толкование иностранных речей*) do século XVII atopamos un considerable número de locucións e expresións de procedencia bíblica, vertidas ao ruso común e explicadas. Máis datos sobre os inicios da fraseoloxía rusa de comezos do s. XVII achámoslos no *Diccionario ruso-inglés* (*Русско-английский словарь*) de R. James (1618-1620) e en *Lexicón Trilingüe* (*Лексикон Трязычный*) (ruso-grego-latín) de F. Polikárpov, editado en Moscova en 1704 e que tamén contén a explicación de varias locucións estables da linguaxe culta da época de Pedro I, a comezos do s. XVIII.

En 1769 o académico N.G. Kurgánov inclúe na súa *Gramática universal rusa* (*Российская универсальная грамматика*) un anexo titulado *Recompilación de refráns* (*Собрание пословиц*). En 1770, A.A. Bársov, profesor da Universidade de Moscova, publica unha antoloxía anónima titulada *Recompilación de 4291 antigos refráns rusos* (*Собрание 4291 древних российских пословиц*) e en 1848 sae á luz en Moscova o *Diccionario de I.M. Sneguiriov Refráns e parábolas populares rusas* (*Русские народные пословицы и притчи*).

De feito, todos os grandes dicionarios publicados a partir de finais do s. XVIII ata os nosos días conteñen un importante volume de material fraseolóxico. Nomearemos, a título orientativo, algúns deles: *Diccionario da Academia Rusa* (*Словарь Академии Российской*) publicado entre os anos 1789-1794 e *Diccionario da lingua rusa e eslavo eclesiástico* (*Словарь русского и церковнославянского языка*) de 1847 realizados pola II sección da Academia de Ciencias de Moscova; *Diccionario razoado da lingua rusa viva* (*Толковый словарь живого великорусского языка*) (1863-1866) de V.I. Dahl; o libro de S.V. Maksimov *Palabras aladas* (*Крылатые слова*) (1890), os de M.I. Michelson *Palabras comúns e acertadas* (*Ходячие и меткие слова*) (1894) e *Pensamento e linguaxe rusa. O propio e o alleo. Aproximación á fraseoloxía. Recompilación de palabras e alegorías figurativas* (*Русская мысль и речь. Свое и чужое. Опыт русской фразеологии. Сборник образных слов и иносказаний*) (1902-1904) e *Antigas recompilacións de refráns, proverbios, adiviñas, etc. dos séculos XVII-XIX* (*Старинные сборники русских пословиц, поговорок, загадок и прочее XVII – XIX столетий*) de P. Simoni de 1899. Tamén n' *A vida do pobo ruso nos seus refráns e proverbios* (*Жизнь русского народа в его пословицах и поговорках*) de I.I. Illiústrov

de 1910 e posteriores dicionarios xerais como, por exemplo, o *Dicionario razoado da lingua rusa* (*Толковый словарь русского языка*) baixo a dirección de D.N. Ushakov entre os anos 1935-1940, o *Dicionario da lingua rusa* (*Словарь русского языка*) de S.I. Ózhegov en 1949 e *Dicionario da lingua literaria rusa actual* (*Словарь современного русского литературного языка*), en dezasete volumes (1950–1965), realizado polo grupo de traballo do Instituto de Lingua Rusa da Academia de Ciencias da URSS. Iso, ademais dos dicionarios específicos fraseolóxicos monolingües e bilingües.

2.2. Premisas teóricas da fraseoloxía

Este traballo secular de recompilación de material fraseolóxico recibiu a súa base teórica só a comezos do século XX, sen esquecer por iso as achegas que fixeron estudosos e lingüistas rusos de finais do século XIX e algúns do XVIII como, por exemplo, de M.V. Lomonósov (1711-1756) que sentía a proximidade de *frases* (*фразесы*), *idiomatismos* (*идиоматизмы*) e *locucións* (*речения*) á palabra. Esbozando o esquema das dúas posteriores investigacións sobre o estudo da lingua rusa, Lomonósov propúñase facer un capítulo “Sobre novas locucións rusas” (“О новых российских речениях”) e coidaba que as *frases* e os *idiomatismos* han de incluírse nos dicionarios.

F.I. Busláev, académico e filólogo da segunda metade do século XIX, daría un paso importante ao sinalar a existencia de certas *expresións comúns* con características especiais, que se poden reter na memoria, poden transgredir as normas gramaticais ou retóricas, posúen unha forma estable, aínda que ás veces se poden modificar sen alterar a súa integridade semántica.

Xa a finais do XIX, en 1894, A.A. Potebniá referiuse, por primeira vez, ao carácter sígnico dos *xiros fraseolóxicos* e determinou que a capacidade destes de seren reproducidos na fala está relacionada coa súa forma interna, o que lles outorga unha enorme forza, xa que son *predicados constantes de suxeitos variables*.

O leitmotiv do concepto fraseolóxico de I.I. Sreznevski, que se presentou a finais do XIX e que na actualidade non perdeu a súa vixencia, é a idea da *autovariabilidade* da lingua debido á súa estrutura. No seu artigo “Apuntamentos sobre a formación de palabras das expresións” (*Замечания об образовании слов из выражений*) por primeira vez presta atención ás peculiaridades sistemáticas dos *xiros fraseolóxicos*. Sreznevski fixo constar que a reproducibilidade das expresións “fossilizadas” está condicionada non só “pola forza da tradición”, senón pola propia “estrutura” da lingua.

Os procesos de formación de palabras permitíronlle a Sreznevski, baseándose nas expresións, ver o vivo tras unha forma aparentemente morta, *condicións preparadas de formación e cambio de formas*. A vontade do falante é libre só na elección do útil no preparado. Así se expresou a idea de que na mesma irregularidade dos *xiros fraseolóxicos* se poden observar unhas regularidades sistemáticas determinadas.

Tamén a finais do XIX e comezos do XX varios lingüistas formularon, por primeira vez, o estudo das combinacións de palabras no plano sintáctico. O estudo teórico

do problema da fraseoloxía rusa dende o punto de vista estrutural iniciárono I.A. Baudouin de Courtenae e F.F. Fortunátov. Foron precisamente este último e a súa escola os que formularon o estudo das combinacións estables dende o punto de vista das características semánticas e gramaticais dos seus compoñentes. Fortunátov contrapón as *palabras fusionadas* ás *expresións fusionadas*. Considera que, igual que as *palabras fusionadas* non se descompoñen en palabras sen cambiaren os seus significados e o seu primeiro compoñente non posúe formas flexibles, o mesmo acontece coas *expresións fusionadas* que son semanticamente indivisibles en palabras illadas, pero “con relación á forma da palabra, que entra na primeira parte desta combinación de palabras, non son palabras illadas senón combinacións”.

Baseándose nos trazos semánticos, a escola de Fortunátov tivo que recoñecer as unidades fraseolóxicas como palabras e, baseándose nos trazos formais, como locucións (exceptuando as expresións adverbiais que son completamente invariables); é dicir, como unha categoría intermedia.

Unha grande achega á teoría da fraseoloxía rusa foi a que fixo A.A. Shájmatov que estudou os problemas fraseolóxicos no aspecto sintáctico e creou un orixinal estudo sobre as *combinacións indivisibles*.

Shájmatov profundou no aspecto sintáctico de segregación de *combinacións indivisibles*, superando o formalismo da escola de Fortunátov, distinguindo as locucións –indivisibles dende o punto de vista das normas sintácticas da lingua rusa actual– en:

1. gramaticalmente indivisibles pero lexicamente libres;
2. gramaticalmente indivisibles e restrinxidas (limitadas) lexicamente;
3. gramaticalmente indivisibles e lexicamente ligadas; gramatical e lexicamente indivisibles;
4. gramaticalmente divisibles pero lexicamente ligadas.

Shájmatov sinalaba que nestes casos “a combinación da palabra determinada en moitos casos tende a formar unha expresión co determinado”. Isto atopa a súa manifestación gramatical, segundo Shájmatov, na súa capacidade de formación de palabras compostas.

Das clases enumeradas só as tres últimas constitúen o obxecto da fraseoloxía, posto que posúen un determinado grao de fixación semántica. O enfoque meramente sintáctico dado ao material fraseolóxico non alcanza o seu obxectivo: Shájmatov, para explicar a indivisibilidade de certas locucións, tivo que botar man de trazos morfolóxicos. Este lingüista afástase dos criterios sintácticos propiamente ditos e opta tamén por criterios semánticos.

Nos anos 30-40 do século XX na lingüística soviética aparecen unha serie de artigos dedicados á fraseoloxía continuando así as tradicións nacionais no estudo da fraseoloxía. Por exemplo, L.A. Bulajovski considera a fraseoloxía unha ciencia sobre os medios expresivos da fala, e os obxectivos do estudo da fraseoloxía son “combinacións normalmente divisibles na lingua como material de cita corrente (refrás, proverbios, expresións certas de escritores que, á súa vez, se converteron en “palabras

aladas”, etc.) e por iso mantiveron unha certa unicidade”. A atención deste autor está dirixida principalmente ao estudo da figuratividade das unidades fraseolóxicas e ao descubrimento das súas formas internas.

Tamén resulta de grande interese o intento de S.I. Abakúmov por construír a clasificación etimolóxico-estrutural de *combinacións fixas* tendo en conta os modos de unión de palabras na súa composición etimolóxica e ao mesmo tempo a súa equivalencia funcional á palabra. Abakúmov distingue a *idiomaticidade* e a *fraseoloxía*. Os trazos dos *xiros idiomáticos* son: integridade semántica, intraducibilidade, indivisibilidade sintáctica e léxica, unha parcial invariabilidade da forma gramatical, invariabilidade da orde das palabras, ausencia de amplas posibilidades de derivación (composición, formación de palabras). Os *xiros fraseolóxicos*, en cambio, caracterízanse polo seu menor grao de perda de significado independente das palabras que o compoñen; pola súa semántica non son iguais á palabra (estereotipos e clichés lingüísticos e tópicos literarios). A fraseoloxía, segundo Abakúmov, é unha ciencia sobre os “medios preparados” da expresión do pensamento.

Un dos primeiros na lingüística soviética que formalizou a definición da fraseoloxía foi Ye. D. Polivánov. A súa definición baséase no concepto da polifuncionalidade da palabra, proposto por Baudouin de Courtenae e interpretado por Scherba e Polivánov. En trazos xerais, este concepto redúcese ao seguinte: a palabra, como unha unidade principal da lingua, non representa o mesmo en distintos aspectos da investigación. A palabra, como un complexo de morfemas (a palabra formal-gramatical), é unha unidade da morfoloxía. A palabra, como portadora do significado (a palabra funcional-conceptual), é unha unidade léxica etc. Polivánov escribiu que “a fraseoloxía (ou idiomática) é unha disciplina especial (así como a fonética, morfoloxía, sintaxe e léxico), que ocupa, verbo do léxico, a mesma posición que a sintaxe verbo da morfoloxía”, posto que esta disciplina opera da mesma maneira que a lexicoloxía, “a expresión dos conceptos (significados léxicos) individuais” a diferenza da sintaxe e a morfoloxía, que “teñen como obxectivo o estudo dos símbolos das ideas xerais (abstractas)”. Caracterizando a estrutura das unidades idiomáticas, Polivánov determinou a súa correlación con outras unidades da lingua: “polo trazo cuantitativo daqueles valores cos que opera en calidade de unidades unha determinada disciplina, o léxico é comparable só coa morfoloxía (posto que, tanto no léxico como na morfoloxía, a unidade-máxima é a palabra, e a unidade-mínima é o morfema, sufixo e prefixo), pero non coa sintaxe, que en calidade de unidade-mínima manexa a palabra”. Merécenos especial atención a idea fundamental na definición de Polivánov, que é “o enfoque do conxunto dos idiomatismos como un conxunto de obxectos lingüísticos xerarquicamente regulado” (Поливанов 1928: 60-61).

Como vemos, os autores que vimos de citar enfocaban o estudo das combinacións de palabras tanto no plano sintáctico coma no plano semántico-estilístico. Cómpre sinalar, da mesma maneira, a importante achega ao tema de F. Saussure, M. Bréal, Ch. Bally e A. Sècheyay, da escola suíza.

Precisamente nos traballos destes autores baseáronse os primeiros estudos de V.V. Vinográdov, con quen está relacionada a tradición rusa das investigacións fraseolóxicas.

2.3. Períodos clásico e posclásico

Neste apartado dedicado a un breve percorrido polo desenvolvemento da investigación fraseolóxica, especialmente na lingüística rusa, imos presentar traballos de interese teórico xeral sobre a fraseoloxía.

É difícil atopar un campo da lingüística onde se expresaran tantas opinións contraditorias sobre cuestións teóricas importantes coma as que se expresaron no campo da fraseoloxía. A cantidade de teorías e concepcións é tan ampla que, involuntariamente, pérdese a confianza na posibilidade de encontrar unha saída á situación creada e mesmo algúns lingüistas, especialmente non fraseólogos, teñen certas dúbidas sobre a idea mesma de unificar baixo unha denominación común a fraseoloxía, os distintos tipos de expresións fixas. Ante esta situación xorde a necesidade de resumir os estudos sobre a teoría xeral da fraseoloxía. Por esta razón presentamos neste apartado distintas concepcións sobre os obxectivos da fraseoloxía, sobre os trazos relevantes das expresións fixas etc. que presentaron distintos autores.

Comezamos a nosa presentación cos traballos de Vinográdov que é considerado, como xa mencionamos con anterioridade, fundador da fraseoloxía rusa.

Nos anos 1946 e 1947, no que daquela era a URSS, saíron á luz dous traballos de V.V. Vinográdov, chamados a desempeñar un papel decisivo no recoñecemento da fraseoloxía como unha rama independente da lingüística. Os títulos dos dous artigos “Conceptos principais da fraseoloxía rusa como disciplina lingüística” (Основные понятия русской фразеологии как лингвистической дисциплины) (1946) e “Os tipos principais de unidades fraseolóxicas no idioma ruso” (Об основных типах фразеологических единиц в русском языке) (1947) xa conteñen todo un programa de investigación para realizar no campo da fraseoloxía. Por primeira vez, tratábase a fraseoloxía como unha ciencia en si mesma, cun sistema de conceptos científicos de seu. Tamén por primeira vez se propuña unha tipoloxía das UUFF da lingua rusa, que, como demostrou o paso do tempo e as investigacións que se realizaron en diversas linguas, resultou ser unha tipoloxía universal.

A clasificación das unidades fraseolóxicas que propuxo Vinográdov é unha clasificación semántica. Os principais conceptos da fraseoloxía rusa ante todo fórmulanse tomando como base a análise semántica do significado íntegro na unidade fraseolóxica con relación aos significados dos compoñentes. Dependendo do tipo da categoría fraseolóxica á que pertence a unidade fraseolóxica, o significado desta última pode ser inmotivado nas *adherencias fraseolóxicas* (фразеологические сращения), motivado nas *unidades fraseolóxicas* (фразеологические единства) ou analítico nas *combinacións fraseolóxicas* (фразеологические сочетания)³.

³ Para a tradución destes termos utilizamos a terminoloxía que nos brinda A. Guitlitz no seu libro *Curso de lexicología de la lengua española contemporánea* (1974). Con todo, cómpre sinalarmos que outros autores

Cómpre sinalar que na súa clasificación tipolóxica Vinográdov reflectiu un feito moi común na fraseoloxía (e na lingüística, en xeral), como é o paralelismo terminolóxico, xa que el mesmo emprega o termo *идиома* (idiomatismo) cando se refire ás adherencias fraseolóxicas. Posteriormente, este termo seguiu aplicándose tanto ás adherencias como ás unidades fraseolóxicas, contrapondo, en certo modo, as UUFF semanticamente indivisibles ás combinacións semanticamente divisibles.

Nos seus traballos, Vinográdov puxo as bases da teoría da fraseoloxía rusa como unha disciplina lingüística independente. O termo *unidade fraseolóxica* que introduciu na lingüística rusa demostra que as combinacións fixas pertencen ás unidades formadas da lingua que se transmiten de xeración en xeración e que se reproducen na práctica da comunicación verbal por tradición, a diferenza das combinacións libres que se organizan na actividade verbal pola vontade do falante. As UUFF, como unidades formadas da lingua, teñen unha composición léxica moi determinada, posúen un significado e unha estrutura gramatical sabidos e, polo xeral, desempeñan na oración determinadas funcións.

É interesante observar que nos seus traballos Vinográdov non determina o concepto de *estabilidade*. E aínda así, precisamente este carácter da estabilidade é unha incógnita para a fraseoloxía, posto que a reproducibilidade por tradición non se pode considerar en por si como razón suficiente para atribuírle certos fenómenos á lingua e non á fala. Por iso baixo o concepto de *unidade fraseolóxica* quedan agrupados fenómenos de distintas estruturas, tales como as combinacións fraseolóxicas coa súa composición tradicionalmente reproducida, e adherencias e unidades nas que os compoñentes están diluídos na totalidade da combinación.

O carácter de *abstracción* fraseolóxica nos distintos tipos de unidades fraseolóxicas nos traballos de Vinográdov tampouco está claramente determinado. Por este motivo o autor inclúe, ao noso ver sen suficientes razóns, nas distintas UUFF pola súa especificidade e uso comunicativo de termos compostos, expresións fraseolóxicas co significado metafórico-traslaticio, aforismos, citas xerais, refráns e proverbios que, a diferenza das combinacións fixas, posúen trazos oracionais e utilízanse como oracións idiomáticas fixas.

As observacións de Vinográdov sobre os fenómenos da fraseoloxía serviron como fonte para posteriores investigacións. As súas observacións sobre a posibilidade de que as adherencias e unidades puidesen reducirse ou cambiar parcialmente a súa composición léxica ou gramatical permitiron a formulación da variabilidade das UUFF. Toda unha serie de manifestacións sobre a amorfia dos compoñentes das adherencias e as calidades potenciais dos compoñentes das unidades fraseolóxicas levaron a estudar a súa composición e o carácter da súa estrutura semántica. As posibilidades das UUFF de formar palabras compostas e a súa incorporación na órbita de distintas clases

os traducen de distintas maneiras. Así por exemplo, Mironesko Bielova E. M. traduce *фразеологическиеращения* como *aglutinacións fraseolóxicas*; *фразеологические единства* como *expresións idiomáticas* e *фразеологические сочетания* como *combinacións fraseolóxicas* (Mironesko 1997: 15-16).

gramaticais sinalan unha estreita relación da fraseoloxía coa formación de palabras e coa lexicoloxía.

Ao mesmo tempo Vinográdov sinalou algunhas cuestións pendentes de estudo nas unidades fraseolóxicas, no plano sintáctico, trazando o camiño da investigación dun problema teórico fundamental, como é o lugar da fraseoloxía entre outras disciplinas lingüísticas e que nos traballos del non está aínda claramente definido. Sen unha clara definición do lugar da fraseoloxía tampouco é posible a definición das súas unidades. O propio Vinográdov no artigo “Conclusións dos debates sobre cuestións de estilística” (Итоги обсуждения вопросов стилистики) recóñece que “en xeral a situación da fraseoloxía (ou frasemática, como propoñen chamarlle a este campo do coñecemento lingüístico) entre outras disciplinas lingüísticas queda bastante indefinida. Por iso, sinalar con exactitude o volume e a problemática daqueles apartados de fraseoloxía que a miúdo se lle atribúen á estilística, é extremadamente complicado” (Виноградов 1955:64).

Sen lugar a dúbida, os traballos de Vinográdov tiveron grande importancia na consolidación e desenvolvemento da fraseoloxía como disciplina lingüística. Como sinalamos anteriormente, foi el quen presentou e resolveu moitas cuestións de carácter xeral que permitiron crear a base para o estudo de combinacións estables no ruso literario actual e tamén foi el quen presentou a clasificación sincrónica das UUFF do ruso dende o punto de vista da súa fusión semántica e quen marcou as liñas de investigación para seguir no estudo das UUFF.

I.A. Mel’čuk publica o seu artigo en 1960, cando empeza a despuntar un novo aspecto no estudo da fraseoloxía en relación ao desenvolvemento da tradución automatizada, e trata conceptos como a *fixación*, a *idiomaticidade* e a *combinabilidade* das combinacións non libres, e tamén presenta unha clasificación das construcións lingüísticas. Baseándose en criterios matemático-estadísticos realizou unha investigación co propósito de obter resultados prácticos que se puidesen utilizar na tradución automatizada, pero tamén cun interese explícito de formular conclusións válidas para a lingüística xeral.

Na idea del, as clasificacións e definicións das combinacións non fixas existentes non son nin formais nin precisas. O autor chámalles *fixas* a combinacións de elementos determinados nos que estes últimos se atopan con máis frecuencia que noutras combinacións. Afirmar que “a fixación dunha combinación fixa verbo do elemento dado mídese pola probabilidade coa que ese elemento predí a aparición conxunta dos elementos restantes da combinación (nunha determinada orde en relación ao elemento predictor)” (Мельчук 1960: 73).

O grao de fixación da combinación pode calcularse mediante calquera dos seus elementos, pero para a caracterización da combinación resulta máis axeitado escoller un co maior grao de fixación, é dicir, unha fixación calculada por aquel elemento que predí a aparición conxunta do resto dos elementos mellor que calquera outro elemento da mesma combinación.

Toda combinación posúe un determinado grao de fixación, polo que se pode establecer un *limiar de fixación* (Мельчук 1960: 74), e considéranse fixas aquelas combinacións cunha fixación que supera de lonxe ese limiar.

Mel'čuk advirte que o termo *fixación*, tal como el o define, aplícase tanto en lexicoloxía como en fonoloxía, morfoloxía e sintaxe; é dicir, que tamén as combinacións de fonemas, morfemas, frases etc. pódense considerar como combinacións fixas.

Nesta definición pódese observar a influencia das ideas do método descritivo na explicación da combinabilidade lingüística con todas as vantaxes tecnolóxicas e insuficiencias teóricas que disto se deriven. Ás últimas pódese atribuír que, por exemplo, a propia fixación poida estar non relacionada cos factores léxicos, senón ser unha consecuencia da súa transformación semántica. O intento de aplicar o criterio de *predictibilidade* atopou o seu desenvolvemento nas concepcións de V.L. Arjánguelski e A.V. Kunin que o ampliaron a todos os niveis da estrutura da combinación.

Mel'čuk estuda as combinacións fixas como unha variedade de combinacións non libres, e para el, todas as combinacións fixas pertencen á categoría de non libres, pero non todas as combinacións non libres son fixas, é dicir, posúen un alto grao de fixación.

O autor, en afirmando que aínda non se ofreceron métodos obxectivos para a investigación formal do *significado*, propón determinar a *idomaticidade* das combinacións con relación aos *equivalentes traducibles* (Мельчук 1960:7 5) destas combinacións, posto que os devanditos equivalentes son a realidade obxectiva para o investigador e representan un achegamento suficiente ao significado.

Afirma que

“unha combinación é idiomática, só se atopamos nela polo menos unha palabra á que, na tradución de toda a combinación en xeral, se lle aplica un equivalente traducible, posible para esa palabra só se a devandita palabra aparece simultaneamente cos restantes elementos da combinación (en certa orde), tendo en conta ademais que esa palabra en cuestión pode aparecer tamén sen os elementos restantes e, daquela, terá outra tradución”. (Мельчук 1960: 76).

Consonte esta definición, o significado da combinación en calquera das súas variedades non se reduce e, polo tanto, non é deducible do significado dos compoñentes. Tamén nesta definición queda sinalada de forma clara a dependencia da *fonte* da identificación; é dicir, do dicionario polo cal se determina a unidade da tradución.

Segundo Mel'čuk esta definición da idomaticidade ofrece as seguintes vantaxes para a tradución:

1. permite controlar o inventario dun dicionario, para incluír nel as combinacións que falten e excluír as que sobran;
2. permite a elaboración de dicionarios axeitados de tradución, pois o ordenador, alimentado con textos paralelos nos dous idiomas e con indicacións para establecer

as correspondencias, pode distinguir as combinacións idiomáticas das libres e establecer un índice daquelas.

Paralelamente ao concepto de graos de fixación, Mel'čuk introduce tamén o concepto de *grao de idiomaticidade* (Мельчук 1960: 78), considerando a posibilidade de que un elemento funcione cunha equivalencia traducible nunhas combinacións e funcione tamén fóra destas, con outras equivalencias. Unha combinación lingüística é 100% idiomática se o elemento con equivalencia traducible funciona coa devandita equivalencia só nela. O grao de idiomaticidade diminúe na medida en que aumenta o número de combinacións co mesmo elemento esixindo a mesma equivalencia traducible.

Mel'čuk afirma que a fronteira entre o idiomático pode establecerse empiricamente, pero non ofrece ningunha proposta ao respecto.

Coma acontece coa fixación, a definición de idiomaticidade, segundo Mel'čuk, pódese aplicar non só ás combinacións de palabras, senón tamén ás combinacións de calquera elemento que poidan ter equivalencias traducibles; por exemplo, morfemas e construcións sintácticas.

Mel'čuk considera a fixación e a idiomaticidade como propiedades completamente independentes entre elas e por iso propón os seguintes catro tipos de combinacións:

1. combinacións fixas e idiomáticas;
2. combinacións fixas e non idiomáticas;
3. combinacións non fixas e idiomáticas;
4. combinacións non fixas e non idiomáticas (chamadas combinacións libres e tamén combinacións non libres como termos compostos, clixés, refráns, proverbios, etc.).

Sendo bastante autocrítico, Mel'čuk recoñece que os tipos de combinacións non libres, que el destacou e caracterizou baseándose na combinabilidade dos catro trazos (fixación \neq non fixación, idiomaticidade \neq non idiomaticidade), non todas son combinacións non libres da lingua.

Sinala ademais que na descrición das combinacións cómpre ter en conta o concepto de *combinabilidade* (Мельчук 1960: 80). Baixo o termo de “combinabilidade dun elemento determinado” o autor propón comprender un número doutros elementos cos que este elemento pode entrar nunha determinada relación; por exemplo, a combinabilidade dun adxectivo estará representada polo número de substantivos cos que este adxectivo pode actuar como determinante. A fixación e a idiomaticidade da combinación están relacionadas coa combinabilidade dos seus elementos por unha dependencia determinada. A medida que medra a combinabilidade, a fixación diminúe.

Aínda que o concepto de fixación proposto por Mel'čuk se xestou pensando basicamente na tradución automatizada, en certo modo resulta útil tamén para a lingüística, posto que sinala o procedemento de cálculo de fixación das combinacións de elementos lingüísticos, seleccionados no mesmo nivel. Aínda así, esta explicación da fixación

non axuda a comprender os problemas da teoría da fraseoloxía, xa que non explica os motivos da fixación das UUFF.

Tamén cómpre sinalar que o autor separa (para a nosa idea, infundadamente) o contido da forma de expresión da UF e, como resultado, propón unha tese dubidosa, na que a fixación e a idiomaticidade son propiedades completamente independentes da combinación. En realidade, a idiomaticidade é un trazo particular da fixación da UF e iso significa que todas as combinacións idiomáticas son fixas no só polo significado, senón tamén pola forma de expresión. No nivel semántico, entre os seus membros obsérvanse relacións de determinación mutua, o que crea a improductividade ou productividade do seu significado global indivisible. No nivel morfolóxico, posúen limitacións na elección das variables paradigmáticas. No nivel sintáctico as relacións sintácticas entre os seus membros están perdidas dun modo ou doutro.

Nos anos 60 os traballos de Mel'čuk tiveron gran repercusión, aínda que temos que recoñecer que no artigo en cuestión non se sinala que o obxectivo fraseolóxico sexa a combinación de palabras; e os conceptos de fixación e idiomaticidade non se apoian nos estudos sobre a dependencia entre os elementos da UF en determinados niveis, cando un aspecto de dependencia determina a calidade de elementos, tanto permanentes como variables.

A concepción fraseolóxica que elaborou N.N. Amósova constitúe unha significativa achega á teoría xeral da fraseoloxía. A súa teoría baséase nos comezos de investigación do corpus das combinacións de palabras dende as posicións da análise contextolóxica.

O fundamental da análise contextolóxica é a teoría sobre as unidades de *contexto invariable*⁴ como estruturas especiais da lingua. Mentres que as unións libres de palabras ou de *contexto variable* que se tomaron na súa función son unidades da nominación e un significado que se compón de varios elementos semánticos, o *contexto invariable*, en cambio, é unha unión de palabras fixadas na lingua e non admite ningunha variación ou, se a admite, é só dentro dos límites que non inflúen no seu efecto semántico. Por conseguinte, as UUFF son precisamente unidades de *contexto invariable*.

Amósova divide estas unidades en *idomatismos* e *frasemas*, sendo estes últimos combinacións nas que o significado da palabra semanticamente realizada depende dun mínimo constante, é dicir, dun indicador mínimo unicamente posible. Entre os idomatismos, en cambio, inclúe as unidades de contexto variable nas que o elemento indicador e semanticamente realizado designa un fenómeno da realidade, e os dous están representados por un significado común léxico integral.

Aínda así, Amósova non considera que aquelas unidades nas que non hai un trazo de “unidade material” sexan unidades da fraseoloxía, senón que as denomina fraseoloides e sitúaaas no campo do uso estilístico.

⁴ Precisamente a Amósova débese a introdución na fraseoloxía dos conceptos *contexto invariable* e *contexto variable*.

A pesar de que este traballo de Amósova ten indubidable valor para a teoría xeral da fraseoloxía, debemos sinalar que o criterio de *contexto invariable* que elaborou esta autora reduce ao mínimo o volume da fraseoloxía xa que comprende só dous tipos de UUFF: os *frasemas* e os *idiomatismos*.

V.L. Arjánguelski foi quen desenvolveu de maneira consecvente a concepción de Vinográdov e distingue no seu traballo, dentro do marco do “sentido amplo” da fraseoloxía, dous tipos fundamentais de UUFF:

1. *frasemas*, é dicir UUFF con estrutura de combinación de palabras;
2. *frases estables*: UUFF con estrutura de oración entre as que distingue proverbios de uso xeral, refráns de uso xeral, frases fixas propias da fala e de carácter expresivo e elíptico, frases estables interxectivas, frases modais estables, frases proverbiais que perderon en gran medida o seu vínculo coa historia, frases bíblicas, calcos fraseolóxicos de diferentes estilos da linguaxe literaria.

Arjánguelski define a UF da seguinte maneira:

“unha unidade fraseoloxica é unha combinación de signos lingüísticos que existen na lingua nun determinado momento do seu desenvolvemento histórico: télica e íntegra; reproducibile no discurso dos seus falantes; baseada na interdependencia dos seus membros; composta como mínimo por dúas determinadas unidades do nivel léxico, que se encontran nunha determinada secuencia; estruturada gramaticalmente por modelos de combinacións ou oracións existentes ou que existiron; posuidora dun único significado; con diverso grao de complexidade verbo dos significados de elementos que se combinan, pero estables verbo do designado ou expresado” (Архангельский 1964: 91).

Explicitando esta definición Arjánguelski subliña que “os obxectos fraseolóxicos son unidades do sistema lingüístico. Pola súa forma de expresión e contido son coñecidos polos falantes da lingua, que dominan o seu sistema ou poden chegar a ser coñecidos en determinadas condicións. Son reproducibles e empregables nun, varios ou todos os estilos da lingua literaria” (Архангельский 1964: 91).

Arjánguelski, a diferenza doutros fraseólogos, destacou como trazo esencial da UF o *concepto de institucionalización* (Архангельский 1964: 125) posto que considera que o concepto de institucionalización está ligado indisolublemente ao concepto de reproducibilidade e é a principal condición da súa existencia. Con todo, Arjánguelski non ofrece unha característica detallada deste trazo relevante da UF.

Outro punto a destacar na concepción de Arjánguelski é un tipo especial de *abstracción* que posúen as UUFF, a diferenza doutras, á que considera oportuno chamarlle *abstracción fraseolóxica* e que consiste “na abstracción dos significados de palabras como compoñentes da UF, posuidora dun significado íntegro único ou articulado; a abstracción fraseolóxica resume nun composto léxico complexo sintáctico, como nunha denominación, as particularidades esenciais de todo un grupo de obxectos análogos,

procesos, calidades, trazos, cantidades, relacións e fenómenos” (Архангельский 1964: 61). Arjánguelski desenvolve unha teoría lóxica de abstracción fraseolóxica ao afirmar que existen distintos graos desta e que se descubren en distintos graos de abstracción do significado das palabras que compoñen a UF. Así, as categorías fraseolóxicas representan distintos graos de abstracción fraseolóxica: o máximo grao de abstracción e xeralización é propio das *adherencias fraseolóxicas* e o mínimo, das *combinacións fraseolóxicas*.

O mérito de Arjánguelski radica en descubrir na semántica lingüística a existencia do *significado fraseolóxico*, demostrando que “o significado fraseolóxico é un significado combinatorio no sentido que o devandito significado se determina de distintas formas polos significados dos compoñentes de UF, extraídos do nivel semántico” (Архангельский 1964: 124-125). Ademais, o significado fraseolóxico é “un fenómeno máis complexo que o significado léxico” (Архангельский 1964: 126).

Arjánguelski considera, como condición indispensable da existencia da UF, a presenza en calquera combinación fixa, reproducida e pluriverbal da transformación semántica, sen a que esta unidade non se pode considerar como fraseolóxica. Parece evidente que precisamente este é o punto máis vulnerable na teoría fraseolóxica de Arjánguelski, posto que se sabe que existen unha serie de grupos de complexos fixos léxicos para os que son relevantes só dous trazos globais, que o propio Arjánguelski sinala e que son: a reproducibilidade en calidade dunha unidade íntegra preparada no diálogo, e a institucionalización nun colectivo lingüístico dado.

A concepción de D.N. Shmeliov está orientada ao estudo dos problemas da fraseoloxía non dende o seu illamento da lexicoloxía senón nunha estreita e multifactorial correlación con esta.

Shmeliov afirma que “diversos grupos de fraseoloxismos destacan sobre a base de diversos trazos”. Ao parecer esta circunstancia obrígolle ao autor a buscar novos camiños para a resolución do problema da esencia (natureza) da fraseoloxía. Shmeliov chega á conclusión de que a *inmotivación (idiomaticidade)* do significado da unidade fraseolóxica non pode recoñecerse como trazo principal desta, posto que hai unha serie de expresións onde é difícil mesmo falar da presenza ou ausencia deste trazo. Ademais na lingua existen bastantes expresións que se caracterizan “pola motivación de todo o significado e non polo significado dalgúns compoñentes que tomado nos seus significados relativamente libres” (Шмелев 1964: 28).

Segundo Shmeliov, nin a *figuratividade*, nin a *metaforización* constitúen os trazos principais da UF, posto que na lingua existen bastantes UUFF que non son metafóricas. E chega a afirmar que as UUFF, e a pesar de moitas diferenzas existentes entre elas, posúen “algo común que nos obriga a reunilas contrapoñéndoas ás combinacións libres”, polo visto algo “común para todas elas é só o feito de que, dalgunha maneira, contrapóñense ás combinacións “libres”, é dicir, á súa “cohesión”. Enténdese que nestes casos reunir estas combinacións en base a uns trazos máis determinados, baixo o trazo común de ‘cohesión’ é imposible” (Шмелев 1964).

Posto que existen distintas fontes de *cohesión* da UF, Shmeliov considera necesario establecer o propio carácter da cohesión para distintas clases de combinacións e fala de tres tipos de fixación da UF:

1. *a cohesión paradigmática* consistente en que as unidades deste grupo se constitúen sobre a base do paradigma léxico da lingua. Ademais, a fixación paradigmática sempre presupón unha reproducibilidade estable e regular de designacións correspondentes;
2. *a cohesión sintagmática* consistente en que a relación entre os compoñentes da UF está determinada, e un dos compoñentes da unidade é inviable fóra do determinado entorno léxico. A palabra fixada fraseoloxicamente sinala sobre unha determinada unidade da lingua;
3. *a cohesión derivativa*. Baixo esta fixación Shmeliov entende unha motivación parcial, é dicir, unha certa dependencia dun significado do outro. A fixación derivativa está condicionada semanticamente, cada combinación posúe unha forma interna peculiar e individual. E é precisamente esta fixación derivativa e, por conseguinte, a motivación incompleta da unidade, a que estea autor recoñece como un trazo determinante da UF.

A combinación dos tipos de fixación mencionados arriba evidencia que “os significados paradigmático, sintagmático e derivativo das unidades léxicas por si sós non son independentes un do outro” (Шмелев 1973: 272) e, aínda que poden establecerse independentemente, entran en contacto nunha combinación de palabras.

A teoría fraseolóxica de M.T. Taguíiev distínguese considerablemente doutras concepcións no campo da fraseoloxía. Segundo as palabras do propio autor, esta baséase na teoría do isomorfismo das unidades lingüísticas. Cada unidade lingüística caracterízase, segundo Taguíiev, “por trazos distributivos que se verifican nas unidades de nivel superior: a calidade distributiva do fonema determínase no nivel da palabra, a distribución da palabra determínase no nivel sintáctico... a cuestión da distribución da oración non se formula, posto que funcionalmente é unha unidade da fala” (Тагиев 1966b: 126). Consonte este lingüista, a UF é unha combinación de palabras. Ao igual que a palabra, a UF é unha unidade do nivel de nominación, pero constitúese no nivel da sintaxe. De aí Taguíiev chega á conclusión de que “a fraseoloxía ha de abarcar só aquelas unidades que teñen unhas calidades distributivas que se manifestan no nivel sintáctico” (Тагиев 1966b: 127).

A composición fraseolóxica fórmase sobre a base da separación de combinacións anómalas. Taguíiev supón que “o portador material da información sobre a fraseoloxización dunha combinación, o trazo que a fraseoloxiza, é o entorno” (Тагиев 1966b: 128), pero a continuación puntualiza: “[...] o entorno non é o único trazo do fraseoloxismo. [...] o fraseoloxismo, coma todo obxecto específico, non se manifesta na base de todos os trazos, senón nos esenciais” (Тагиев 1966b: 128). Aínda así, non queda claro qué trazos han de considerarse xunto co trazo do entorno para a definición do status lingüístico da UF, posto que Taguíiev ofrece a seguinte definición da UF: “o

fraseoloxismo representa unha unidade lingüística, cun significado que non é igual ao significado dos seus compoñentes” (Тагиев 1966a: 128), e máis adiante propón outra definición: “o fraseoloxismo é unha combinación co seu entorno, é dicir, unha combinación cunha distribución estrutural propia” (Тагиев 1966a: 168).

Dado que moitos *complexos léxicos fixos* non posúen o seu propio entorno, Taguíiev vese obrigado a excluír todos estes complexos do acervo da fraseoloxía, e por esta razón deixa fóra os refráns, proverbios, termos compostos, UUFF interxectivas, modais e substantivas a causa da ausencia dos trazos distintivos. Así, Taguíiev considera que “todos os tipos das unidades lingüísticas que non posúen entorno, elimínanse do corpus; e, viceversa, todas as combinacións que posúen un entorno, pertencen á fraseoloxía” (Тагиев 1966a: 168).

Parece evidente que, aínda que o método distributivo do entorno que desenvolveu Taguíiev pode utilizarse con gran proveito científico para o estudo de diversas peculiaridades externas da UF, é insuficiente como método de investigación de complexos léxicos fixos; é dicir, unidades lingüísticas dun réxime especial ou, dito doutra maneira, a imposibilidade de delimitar obxectivamente as UUFF doutros xiros do discurso.

A.I. Molotkov analiza as UUFF como unidades lingüísticas independentes, posuidoras das mesmas características lingüísticas que as palabras. Nos seus traballos presta especial atención a case todas as cuestións da fraseoloxía rusa, pero a súa concepción no plano lingüístico presenta interese porque se baseou nela un dos primeiros dicionarios da fraseoloxía rusa. Cómpre sinalar que os criterios de selección e descrición do material fraseolóxico reunían e reflectían os puntos de vista teóricos de boa parte dos fraseólogos rusos.

As opinións de Molotkov sobre a fraseoloxía resúmense no seguinte: “o fraseoloxismo é ante todo unha unidade que está composta por palabras” (Молотков 1977). É natural que con esta definición se exclúan do campo da fraseoloxía aquelas formacións que non representan combinacións de palabras, por exemplo unidades que son oracións sintacticamente rematadas ou outros tipos de formacións pluriverbais.

Molotkov pronúnciase categoricamente contra a utilización en calidade de criterios de definición do status lingüístico das UUFF de trazos como a fixación, o significado íntegro, a non deducibilidade do significado da suma dos significados das palabras que compoñen a expresión; a pluriverbalidade, a reproducibilidade, etc. Propón os seguintes trazos diferenciais ou categoriais:

1. significado léxico da UF;
2. a súa estrutura compoñencial e non verbal, lexemática;
3. categorías gramaticais coas que está relacionada a idea do significado gramatical das UUFF.

Molotkov supón que todos estes trazos categoriais “non son aplicables a outras unidades da lingua, incluídas as palabras e as locucións” (Молотков 1977: 11).

Ao mesmo tempo, sinala que a UF se relaciona coa palabra só polo trazo do significado léxico e categorías gramaticais, mentres que coa locución a UF non se relaciona por ningún dos trazos categoriais. Aquí cómpre sinalar que Molotkov utiliza a expresión terminolóxica *significado léxico do fraseoloxismo* recoñecendo ao mesmo tempo “a particularidade do significado léxico da UF a diferenza do significado léxico da palabra” (Молотков 1977: 22).

Non é difícil decatarse de que, se dos tres trazos relevantes presentados dous son comúns tanto para a UF como para a palabra, entón a diferenza entre a UF e a palabra redúcese a que a UF non se constitúe de palabras senón cualitativamente doutras unidades, mentres que a palabra se compón de morfemas.

Parece evidente que Molotkov lle outorga demasiada importancia á estrutura compoñencial posto que entre os complexos fixos hai bastantes casos nos que é difícil falar sobre a presenza ou ausencia desa estrutura.

Existe outra contradición na concepción de Molotkov. Por unha banda, a estrutura compoñencial é un trazo inherente da UF e, por outro, moitas UUFF teñen un entorno léxico obrigatorio, sen o que esas UUFF deixan de selo. Pero entón, se sen estas palabras o complexo léxico fixo é impensable como UF, entón ¿por que estas palabras non entran na estrutura compoñencial da UF? Na concepción de Molotkov a idea dos límites da fraseoloxía contraponse á idea da *estrutura compoñencial da UF*. Tan restrinxida concepción da UF implica que do ámbito fraseolóxico se exclúan xiros cun significado fraseolóxico fixo, xiros cun significado temático común, xiros co significado léxico “debilitado” dunha das palabras, e Molotkov equipara as expresións “excluídas” da fraseoloxía ás formas analíticas de palabras.

Tampouco poden ser UUFF, segundo Molotkov, as conxuncións compostas, as preposicións compostas, as partículas compostas que xurdiron non como resultado de lexicalización, que é inherente ás UUFF, senón pola gramaticalización, é dicir, a transformación da combinación nunha palabra auxiliar.

A lingüista I.I. Chernysheva traballa na fraseoloxía alemá e propón a seguinte definición da unidade fraseolóxica: “As unidades fraseolóxicas son complexos léxicos fixos de diversos tipos estruturais cunha única cohesión dos compoñentes, cun significado que xorde como resultado dunha transformación semántica completa ou parcial da súa constitución compoñencial” (Чернышева 1970: 39) e utilízase un conxunto de criterios para establecer a tipoloxía das UUFF e delimitalas doutras formacións fixas:

1. Estrutura gramatical (sintáctica): locucións e combinacións predicativas e oracións.
2. Modo de formación: concatenación única dos compoñentes; formación segundo un modelo; formación de series limitadas.
3. O significado, como resultado da interacción da estrutura e a presenza ou ausencia de desprazamentos semánticos na composición dos compoñentes das combinacións fixas:
 - a) o significado que xorde como resultado das transformacións semánticas dos compoñentes;

- b) o significado que xorde sobre a base dos propios significados léxicos dos compoñentes;
- c) o significado que xorde como resultado da estrutura modelo.

Acorde con estes criterios, na concepción de Chernysheva destácanse:

1. *Unidades fraseolóxicas* que “forman un todo semántico indivisible”.
2. *Expresións fraseolóxicas*: “unidades que pola súa estrutura semántica constitúen combinacións predicativas e oracións”. Neste grupo van incluídos os refráns, proverbios, interxeccións e expresións modais fixas.
3. *Unidades fraseolóxicas* con calidades estruturais expresivas.
4. *Unidades fraseolóxicas comparativas*, é dicir, aquelas que levan na súa composición un elemento comparativo, como por exemplo: как (como).
5. *Combinacións pares de palabras*. Denomina combinacións pares de palabras ou “fraseoloxismos con significado íntegro” que xorden como resultado das transformacións semánticas das combinacións conxuntivas que inclúen dúas palabras homoxéneas (verbos, substantivos, adxectivos, adverbios) unidos polas conxuncións.

Chernysheva extrae fóra dos límites da combinación fraseolóxica unha serie de combinacións fixas de tipo non fraseolóxico.

1. *Unidades léxicas*. Combinacións fixas de palabras que non posúen integridade de nominación realizada sobre a base de significados léxicos propios das palabras compoñentes.
2. *Formacións fraseoloxizadas* nas que un dos compoñentes con significado figurado se manifesta en unión de palabras que pertencen a un determinado grupo semántico.
3. *Formacións modelo* (tipos). Combinacións fixas que se forman na fala por determinados modelos semántico-estruturais:
 - a) construcións analíticas
 - b) construcións gramático-estilísticas, como por exemplo, frases literarias, clichés etc.

A clasificación de Chernysheva demostra claramente a heteroxeneidade do obxecto da fraseoloxía no “sentido amplo”. O concepto de UF perde o seu contorno e, como consecuencia, ponse en evidencia a imposibilidade de incluír unha unidade nun ou outro grupo semántico-estrutural.

AV. Kunin traballa na fraseoloxía inglesa e igual ca outros estudosos como Arjánguelski, Chernysheva etc. tamén analizou a fraseoloxía no “sentido amplo” e sobre a súa base preparou unha clasificación semántico-estrutural das UUFF. Tendo en conta as funcións nominativa e comunicativa realizadas polas UUFF, e tamén o carácter constante dos compoñentes destas, este autor distingue os seguintes tipos:

1. *Unidades fraseolóxicas denominativas*; é dicir, UUFF que designan obxectos, fenómenos etc. Este grupo abarca todos os tipos estruturais de UUF: nominais, verbais, adxectivais, adverbiais, etc. Este grupo inclúe ademais combinacións de palabras con estrutura predicativa e expresións de tipo parcialmente predicativo,

que son aquelas cun primeiro compoñente que actúa como rexente con respecto ao segundo, que ten forma de oración subordinada.

2. *Unidades fraseolóxicas denominativo-comunicativas*. Este tipo está representado por combinacións verbais que se transforman en oracións.
3. *Unidades fraseolóxicas* que non teñen carácter denominativo nin comunicativo; é dicir, UUFF *interxectivas*.
4. *Unidades fraseolóxicas* que poden estar representadas por calquera tipo de oración, aquí inclúense os proverbios e refráns.

O intento de realizar unha investigación sistematizada do material fraseolóxico, a pesar dunha serie de contradicións, conduciu a uns resultados indubidablemente satisfactorios.

É importante resaltar o concepto da *fixación fraseolóxica* das UUFF que propuxo este autor. Di: “a fixación fraseolóxica é unha extensión de invariabilidade, propia dos distintos aspectos das unidades fraseolóxicas, que condiciona a súa reproducibilidade en forma preparada” (Кунин 1986: 43) e considera como indicadores fundamentais da *fixación fraseolóxica* ou *invariabilidade*:

1. *a invariabilidade de uso*; é dicir “o feito de que o fraseoloxismo sexa unha unidade da lingua e non unha creación individual” (Кунин 1972: 6);
2. *a fixación semántico-estrutural*. O sentido deste tipo de fixación radica en que a UF debe estar composta como mínimo por dúas palabras, actuar como unha unidade pluriverbal e non posuír significados modelos, é dicir, a UF “non pode servir de prototipo para a creación de unidades fraseolóxicas análogas segundo o modelo semántico-estrutural” (Кунин 1972: 7);
3. *a fixación semántica*. Este tipo de fixación baséase en:
 - a) a estabilidade da resemantización do significado; é dicir, a UF ha de reinterpretarse parcial ou completamente;
 - b) a presenza de idéntico significado e invariante léxica en todas as variantes da UF dada; e
 - c) a presenza da invariante semántica ante todos os cambios normativos ou ocasionais da UF.
4. *a fixación léxica*. Esta consiste na completa imposibilidade de substitución dos compoñentes da UF ou na posibilidade da substitución normativa dos compoñentes só dentro dos límites da variación fraseolóxica como sinonimia estrutural coa conservación obrigatoria dos invariantes semánticos e léxicos.
5. *a fixación sintáctica*. A esencia desta invariante radica na completa imposibilidade de cambiar a orde dos compoñentes da UF ou no cambio da orde destes dentro dos límites da variabilidade ou inversión gramatical.

Resumindo, a UF de calquera formación lingüística determínase, na concepción de Kunin, pola presenza ou ausencia do trazo da fixación fraseolóxica que se caracteriza por estes cinco tipos.

Kunin define a unidade fraseolóxica da seguinte maneira: “A unidade fraseolóxica é unha combinación fixa de lexemas cun significado reinterpretado total ou parcialmente” (Кунин 1972: 8). Chama a atención a seguinte circunstancia: a definición da UF que presenta Kunin non inclúe o concepto da fixación fraseolóxica, o que nos leva á seguinte pregunta: ¿para que desenvolveu o autor a teoría da fixación fraseolóxica, se non a considera para responder a unha cuestión clave da fraseoloxía, como é a definición dunha UF?

Tamén cómpre sinalar que Kunin non recoñece a *reproducibilidade* como trazo básico de calquera formación fraseolóxica. A reproducibilidade, no seu estudo sobre a UF, é só un dos trazos desta.

A base da concepción fraseolóxica fórmaa o concepto de *fixación*. Tendo en conta que a fixación é característica non só para as UUFF, entón, segundo Kunin, cómpre separar a *fixación fraseolóxica* doutros tipos de fixacións.

Tamén cómpre resaltar a grande achega de Kunin á teoría semántica da fraseoloxía creando o concepto da autonomía da fraseoloxía. Segundo Kunin, a fraseoloxía representa un microsistema fraseolóxico que se comprende como “unha unidade tradicional de relacións sistémicas entre os compoñentes das UUFF e entre as UUFF baseada nas súas particularidades semántico-estruturais” (Кунин 1970: 10).

V.P. Zhúkov analiza as UUFF como unidades lingüísticas independentes. Citamos: “O fraseoloxismo é un xiro reproducido na fala, construído segundo o modelo de combinacións subordinantes ou coordinantes (de carácter predicativo ou non predicativo), que posúe un significado íntegro (ás veces, parcialmente íntegro) e combina coa palabra” (Жуков В. 1986: 6).

Segundo a súa opinión, a UF xorde cando dúas ou máis palabras (polo xeral, autosemánticas ou polo menos unha delas ten que ser autosemántica) se transforman semanticamente de tal maneira que perden total ou parcialmente o seu significado léxico principal.

Entre os trazos principais da UF, Zhúkov resalta especialmente a “*integridade semántica* que el entende como “a unidade significativa interna do fraseoloxismo que como resultado final implica unha perda total ou parcial do seu significado léxico propio polos seus compoñentes. É dicir, a integridade semántica é a manifestación da idiomaticidade dun fraseoloxismo concreto” (Жуков В. 1986: 7) e presta grande atención ao estudo das particularidades semánticas da UF e non só aos trazos unificadores semánticos do significado fraseolóxico, senón tamén ao seu significado valorativo, analizando, ao mesmo tempo, con detalle o significado léxico e fraseolóxico.

Zhúkov escribe: “O fraseoloxismo empeza alí, onde remata a realización semántica dos seus compoñentes” (Жуков В. 1978: 6).

A.V. Zhúkov analiza unha das cuestións máis complexas da fraseoloxía rusa, a *transitividade fraseolóxica*. Dentro do subsistema fraseolóxico prodúcense fenómenos e procesos aos que resulta bastante difícil clasificar universalmente. Así por exemplo, en determinadas UUFF o significado dun ou outro compoñente non se desactualiza totalmente.

Citamos: “Por transitividade fraseolóxica enténdase capacidade real ou potencial dun fraseoloxismo de conservar ou restablecer, en maior ou menor grao, as calidades formais e substanciais da combinación primaria e os seus compoñentes (palabras e morfemas)” (Жуков А. 1987: 10).

O concepto que desenvolveu M.M. Kopelenko e Z.D. Popova constitúe un intento de integrar a fraseoloxía no estudo sobre a combinabilidade dos lexemas, é dicir, a combinabilidade das palabras, analizada dende o punto de vista da análise dos designantes (lexemas) e a correspondencia/non correspondencia dos tipos desta análise aos sememas (significados de certas palabras). Este concepto os autores desenvólveno da seguinte maneira: “na combinabilidade duns lexemas observamos un alto grao de condicionalidade lóxico-material, na combinabilidade doutros lexemas tal condicionalidade é inferior, no terceiro caso atopamos unha combinabilidade que non posúe unha base lóxico-material” (Копыленко, Попова 1972: 8).

Esta concepción desenvolve a clasificación de significados léxicos de Vinográdov e os tipos de combinabilidade non libre de palabras. A novidade consiste en prescindir do criterio de reproducibilidade como trazo de fraseoloxización das combinacións, operando cos trazos de idiomaticidade e fixación. Tamén se propón analizar o corpus da fraseoloxía só como unha serie de tipos específicos de combinabilidade de lexemas que se caracterizan pola fixación e/ou idiomaticidade, e o propio termo de fraseoloxía amplíase ata a análise léxica (словесная комбинаторика): “posto que calquera combinabilidade (individual ou colectiva) dos lexemas é un feito da lingua, debe ser obxecto dun apartado especial da lingüística, que estuda as regras da combinabilidade dos lexemas. Nós consideramos que ese apartado é a fraseoloxía” (Копыленко, Попова 1972: 12).

O aspecto práctico desta concepción radica na delimitación dos límites da fraseoloxía; é dicir, na súa incorporación no ámbito da teoría da combinabilidade. De feito, só os idiomatismos posúen as características denominativas da palabra, mentres o resto dos tipos de combinacións non fixas son sempre combinacións de palabras.

A clasificación que presentan Kopelenko e Popova é un material para a descrición da UF máis ben dende o punto de vista semántico-funcional do que no plano comunicativo-funcional.

En trazos xerais, esta clasificación baséase na tipoloxía de lexemas e sememas. Destácanse os sememas denotativos: D1 – corresponde ao significado denominativo primario; D2 – son “sememas denotativos secundarios”, é dicir, significados denominativo-derivativos da palabra. Teñen un interese especial os sememas connotativos: “o semema connotativo créase só na combinación fraseolóxica e fóra desta non puede revelarse” (Копыленко М., Попова 3.1972: 41). Ao destacar este grupo de sememas perfílanse: C1 – un completo análogo de “significado fraseoloxicamente fixo: este semema non reflicte o que se denota directamente, senón que serve de segunda (terceira, etc.) denominación”; C2 – é un semema que non ten ningunha relación léxica motivada co semema denotativo, expresado polo seu lexema; C3 – é un semema expresado por un lexema que non posúe ningún outro semema, agás o dado (Копыленко, Попова 1972: 41).

Nesta concepción obsérvase un criterio denominativo debido a que os autores parten do lexema como designante. Aínda así, as condicións da resemantización, que podían revelar a natureza semántica de sememas connotativos, non se analizan.

En xeral, a clasificación de Kopelenko e Popova abarca todas as clases de combinabilidade de palabras e na súa tipoloxía aplicanse os mesmos criterios de *fixación*, *idiomaticidade* e *motivación* que sinalou Vinográfov.

E, por último, N.M. Shanski estuda a fraseoloxía en “sentido amplo” e engloba no concepto de UUFF todas as construcións lingüísticas que posúen en distinto grao un significado translaticio. Nos seus traballos utiliza o termo *xiro fraseolóxico* que como tal comprende todas as combinacións fixas que son “análogas ás palabras pola súa reproducibilidade en calidade de unidades íntegras e preparadas. Polo tanto, na fraseoloxía estúdanse todas as combinacións de palabras fixas, tanto as unidades equivalentes á palabra, como as unidades semántica e estruturalmente equivalentes a unha oración” (Шанский Н.1985: 4); é dicir, todas as unidades reproducidas, sen excepción. Máis adiante engade: “a pertenza dunhas ou outras formacións ao eido fraseolóxico ou, viceversa, a súa exclusión, condiciónase non por seren unidades denominativas ou comunicativas, senón polo feito de se extraeren da memoria en bloque ou de se crearen durante o proceso de comunicación”. (Шанский 1985: 4).

Shanski amplía a clasificación de Vinográfov, engadindo un cuarto grupo que el chama *expresións fraseolóxicas*.

Máis adiante refírese ao xiro fraseolóxico e defíneo da seguinte maneira: “O xiro fraseolóxico é unha unidade lingüística reproducida de forma preparada, formada por dous ou máis compoñentes acentuados de carácter léxico, fixa polo seu significado, estrutura e composición”. (Шанский 1985: 20).

Shanski considera que o principal trazo do xiro fraseolóxico é a *reproducibilidade* e precisamente por iso este difire substancialmente da combinación libre de palabras, pero non aclara en qué radica a natureza da *reproducibilidade fraseolóxica*. O autor non fai distinción entre a reproducibilidade fraseolóxica e léxica, fenómenos lingüísticos distintos.

Shanski considera que precisamente mediante a *reproducibilidade* se explican “todos os demais trazos inherentes tanto ás palabras como aos xiros fraseolóxicos, e ante todo a fixación da composición e a integridade do significado” (Шанский 1985: 20).

Unha das contradicións na concepción de Shanski radica en que, recoñecendo a reproducibilidade como un trazo principal do xiro fraseolóxico, ao mesmo tempo, atribúelle este trazo á palabra, co que se crea un paradoxo: por un lado, a reproducibilidade é un trazo principal do xiro fraseolóxico e, por outro, é inherente nun mesmo grao á palabra.

3. Métodos lingüísticos de investigación fraseolóxica

Non podemos deixar de facer referencia a outro tema que consideramos importante e que non adoita mencionarse con demasiada frecuencia nos traballos sobre fraseoloxía: a metodoloxía lingüística aplicada nas investigacións no campo fraseolóxico. Coidamos oportuno facer un lixeiro percorrido polos métodos lingüísticos máis coñecidos, xa que, segundo os nosos cálculos, utilizáronse preto de 30 métodos, aplicables ao campo fraseolóxico.

Método de identificación semántica das unidades fraseolóxicas proposto por V.V. Vinogradov, que consiste na clasificación sincrónica das UUFF dende o punto de vista da súa cohesión semántica. Este método non abarca nin moito menos todos os tipos de UUFF. Os límites dos grupos, calidades e criterios que permiten distinguilos son moi variados. Aínda así, malia as limitacións que se atopan neste método, todos ou case todos os fraseólogos rusos, dunha ou outra maneira, delimitan as tres variedades fundamentais destacadas inicialmente por este lingüista. (Виноградов 1946; 1947).

Método de tradución interlingüística. Permite analizar os trazos idiomáticos dunha combinación estable en dúas ou máis linguas, mediante a busca de traducións específicas, como identificadores. Isto ofrece a posibilidade non só de determinar o grao de idiomaticidade interlingüística, senón de facer un seguimento da estabilidade e capacidade combinatoria dos seus compoñentes, e de destacar os trazos específicos da UF en cada lingua (Мельчук 1960; Копыленко 1965, 1967; Попов 1976).

Método contextolóxico. Consiste na descrición e estudo das UUFF, con especial fincapé nos seguintes aspectos: trazos específicos dunha lingua; contexto discursivo no que funciona a UF; carácter e grao de participación do significado léxico dos compoñentes na función denominativa da UF; grao de estabilidade da estrutura e compoñentes da UF; análise do significado contextual das palabras nas locucións (Амосова 1963).

Método variacional. Está orientado ao estudo das variacións que sofren as UUFF en actos locutivos concretos, en distintos períodos cronolóxicos. Este método permite analizar as relacións entre os compoñentes nos niveis léxico, morfolóxico e sintáctico, e brinda a posibilidade de enfocar a fraseoloxía como nivel fraseolóxico independente, dentro do sistema xeral da lingua (Архангельский 1964).

Método de tradución intralingüística. Consiste en adecuar a UF a un identificador (unha palabra, unha perífrase, unha oración) con plena equivalencia semántica. Neste caso, cada un dos compoñentes da UF analizada pode requirir a súa propia ‘tradución’ ou identificador, o que permite establecer con precisión o seu significado dentro da UF e as súas conexións con outros compoñentes (Копыленко 1965, 1973; Жуков В. 1967; Попов 1976).

Método de entorno. Chámase tamén *método distributivo*, que permite estudar as locucións estables a partir do seu entorno léxico-semántico e morfolóxico-sintáctico. Permite levar a cabo unha análise estrutural dos nexos e relacións da UF coas palabras de libre configuración no seu entorno e determinar os tipos de combinatoria existentes (Тагиев 1966).

Método de descripción tipolóxico-estrutural. Permite estudar o campo fraseolóxico, baseándose nas coincidencias ou similitudes da iconicidade ou capacidade metafóricadora das locucións estables en distintas linguas (Ройзензон, Авалиани 1967).

Método de determinantes básicos ou método complexo. Consiste nunha serie de procedementos utilizados para a identificación das UUFF e a súa diferenciación de todas as demais locucións estables. Este método apóiase nos denominados ‘determinadores básicos’, que son: a estrutura gramatical e sintáctica da UF e a modalidade combinatoria dos seus compoñentes (Чернышева 1970).

Método expandido. Está dirixido ao estudo das locucións estables con elementos expansores semánticos e funcionais, baseado nos seguintes criterios:

1. a especificidade da UF defínese mediante a análise da súa estrutura semántica, é dicir, diferenciando entre a función básica e a función expansora;
2. as UUFF difiren doutras unidades non-fraseolóxicas polos seus trazos de estabilidade, reproducibilidade e uso discursivo;
3. os trazos funcionais das UUFF expandidas determínanse polas súas propiedades semánticas, basicamente mediante a determinación da relación entre a estrutura semántica e a función discursiva;
4. os trazos expansores das UUFF forman un sistema, o que permite unha descripción da fraseoloxía dende o punto de vista semántico-funcional (Гаврин 1974).

Método substitutivo. É unha variedade do método de análise semántica das UUFF, consistente na substitución dun dos compoñentes da UF por unha palabra correlativa, sen modificar o significado fraseolóxico. Este método permite diferenciar as UUFF analíticas e sintéticas, xa que estas últimas si permiten unha substitución de compoñentes (Гвоздарев 1977).

Método de descripción ideográfica. Consiste na descripción das UUFF, distribuíndoas por campos e grupos fraseolóxico-semánticas, ou series semánticas. Por campo fraseolóxico-semántico enténdese un conxunto de UUFF de distintas categorías léxico-gramaticais, unidas por un trazo semántico común. O campo fraseolóxico-semántico inclúe varios grupos fraseolóxico-semánticos, é dicir, conxuntos de UUFF da mesma categoría léxico-semántica, unidas por un trazo semántico común ou, dito doutro modo, cun mesmo significado común. E finalmente, a serie semántica forma parte dun grupo fraseolóxico-semántico (Ивашко 1981; Жуков В. 1986; Мокиенко 1989).

Método de descripción areal. Está orientado basicamente a determinar a extensión territorial das UUFF dun determinado modelo semántico-estrutural (Ивашко 1981; Мокиенко 1989).

Método de aplicación fraseolóxica. Está orientado basicamente ao aspecto semántico das UUFF. Consiste en sobrepor ou solapar a UF sobre unha combinación de palabras libre correlativa desa UF, e comparar o significado integral da UF cos significados da palabra na súa libre colocación. Este método permite determinar o grao de fusión semántica dos compoñentes, o grao da súa desactualización e a integridade semántica da UF en cuestión. Neste seno, as UUFF pódense dividir en “aplicables”: é dicir UUFF que no plano sincrónico poden contraporse a combinacións libres coa mesma composición léxica, e

“inaplicables”: é dicir, aquelas UUFF que na lingua moderna non teñen esa combinación libre correlativa, por razóns diversas, como por exemplo, pola presenza de arcaísmos ou historicismos entre os compoñentes da UF (Жуков В. 1986).

Método de análise fraseolóxica. Consiste nunha investigación sincrónica das UUFF na súa estática e na súa dinámica. Os seus postulados científicos son os seguintes: enfoca a fraseoloxía como un sistema asimétrico; céntrase no estudo dos trazos relevantes no plano do contido e plano da expresión; concibe a estabilidade como un fenómeno universal para todas as UUFF; realiza unha clasificación semántico-estrutural das UUFF; define varios modos de formación de UF; practica a análise contextual do emprego usual e ocasional das UUFF. Este método ten dúas variantes: *método de descrición fraseolóxica* e *método de identificación fraseolóxica* (Кунин 1986).

Método de descrición fraseolóxica. É unha variante do *método de análise fraseolóxica* e consiste nunha serie de procedementos orientados a:

1. diferenciar diversas clases de UUFF, dende o punto de vista da clase gramatical dos seus compoñentes: UUFF nominais, adxectivais etc.;
2. describir a tipoloxía das dependencias intercompoñenciais da UF;
3. analizar os grupos sintácticos e morfolóxicos.

Este método brinda a posibilidade de observar a fraseoloxía como un sistema asimétrico, destacar os diversos tipos de significados das UUFF, analizar a connotación fraseolóxica etc. (Кунин 1986).

Método de identificación fraseolóxica. É outra variante do *método de análise fraseolóxica* e ten dúas vertentes. Por unha banda, está orientado á localización dun equivalente semántico da UF ou identificador que pode ser unha palabra, unha locución, unha oración, etc., e isto permite establecer o grao de transformación semántica da locución estable (Гвоздарев 1977; Назарян 1987). Por outra, esta variante permite determinar o grao de fraseoloxicidade da UF, a súa diferenciación das palabras compostas, locucións inestables, etc. Como procedementos prácticos para a identificación das UUFF emprégase a superposición do significado fraseolóxico sobre o significado léxico dos seus compoñentes para establecer o grao de estabilidade semántica. Practícase, da mesma maneira, a análise contextual das modificacións gramaticais das combinacións estables ou fixas (Кунин 1986).

4. Conclusións

Como indicamos ao comezo, tratábase de bosquejar un panorama da investigación fraseolóxica na lingüística rusa. A presentación das contribucións en orde cronolóxica permitiu apreciar o desenvolvemento histórico da devandita investigación. Só nos ocupamos de traballos de interese teórico xeral e só presentamos as concepcións fraseolóxicas máis esenciais, dende o noso punto de vista. En realidade hai moitas máis teorías⁵, pero todas elas representan variacións e variantes das teorías presentadas

⁵ Gavrin, por exemplo, contou máis de vinte definicións de combinacións estables ou fixas (Гаврин 1972: 129), pero tampouco este número reflicte a situación real das cousas.

anteriormente. Por esta razón non as incluimos na nosa análise. Un informe completo da bibliografía respectiva implicaría un extenso traballo que escapa ao obxectivo central deste artigo.

Independentemente do maior ou menor detalle que se achegou sobre o traballo dos estudosos citados, queremos indicar que a nosa intención era resaltar o máis destacado e importante das súas concepcións e achegas ao estudo da fraseoloxía e unidades fraseolóxicas, mesmo naqueles casos nos que se trata de achegas que tratan só aspectos parciais da fraseoloxía.

Queremos finalmente sinalar que a lectura dos traballos dos mestres da fraseoloxía rusa resultounos particularmente frutífera. Tamén queremos sinalar que os aspectos tratados (distinción entre ‘combinacións fixas’ e ‘combinacións libres’, identificación, status lingüístico, constitución, graos de fixación, abstracción, variabilidade, separación ou exclusión dos refráns, motivación, clasificacións etc.) complementáanse reciprocamente no seu esforzo por describiren e explicaren aspectos do obxecto estudado, mesmo naqueles casos nos que ofrecen solucións insuficientes e/ou insatisfactorias. E como *el camino se hace al andar*, estas tamén contribúen ao coñecemento na medida en que fan ver con máis claridade os problemas e obrigan a reformularlos dende unha perspectiva teórica máis axeitada ao obxecto de estudo. Cada estudo, cada modelo de análise científica ten a súa xustificación dentro do marco das condicións históricas e dos principios filosóficos que o determinen na medida en que contribúa ao esclarecemento do obxecto de estudo.

5. Bibliografía

- АБАКУМОВ, С.И. (1936): “Устойчивые сочетания слов” en *Русский Язык в Школе* №1/1936. Москва
- АБАКУМОВ, С.И. (1942): *Современный русский язык*. Москва: Гос. изд-во Советская наука.
- АМОСОВА, Н. Н. (1963): *Основы английской фразеологии*. Ленинград: Изд-во: Ленинградского ун-та.
- АРХАНГЕЛЬСКИЙ, В. Л. (1964): *Устойчивые фразы в современном русском языке. Основы теории устойчивых фраз и проблемы общей фразеологии*. Ростов-на-Дону.
- (1965): “Фразеологические серии в русской фразеологической системе” en *Вопросы лексики и фразеологии современного русского языка*. Ростов-на-Дону: Изд-во Рост. ун-та; 24-45.
- АХМАНОВА, О. С. (1969): *Словарь лингвистических терминов*. Москва: Советская энциклопедия.
- БУЛАХОВСКИЙ, Л.А. (1936): *Курс русского литературного языка*. Харьков, Киев: Гос. учеб.-пед. изд-во Радянська школа; 85-89.
- БУСЛАЕВ, Ф.И. (1861): *Исторические очерки народной словесности*. СПб.
- ВИНОГРАДОВ, В.В. (1955): “Итоги обсуждения вопросов стилистики” en *ВЯ* №1/1955, Москва.
- (1977): *Избранные труды: Лексикология и лексикография*. Москва: Наука

- ГАВРИН, С. Г. (1978): *Проблемы функционирования и развития фразеологического фонда в связи с общими вопросами теории фразеологического фонда (на материале фразеологии половины 19 и 20 вв.)* Ленинград: АДД.
- (1972): “Заметки по теории фразеологии” en *Проблемы устойчивости и вариантности фразеологических единиц*. Тула; 129.
- ГВОЗДАРЕВ, Ю. А. (1977): *Основы русского фразеобразования*. Ростов-на-Дону: Изд-во Ростовского ун-та
- GUIPLITZ, A. (1974): *Curso de lexicología de la lengua española contemporánea*. Москва: Высшая школа.
- ДАЛЬ, В. И. (1978): *Толковый словарь живого великорусского языка*. В 4-х томах. Москва: Русский язык.
- ЖИРМУНСКИЙ В. М. (1963): “О границах слова” en *Морфологическая структура слова в языках различных типов*. Москва-Ленинград.
- ЖУКОВ, А. В. (1987): “Семантическая типология компонентов и фразеологическая переходность” en *STUDIA RUSSICA* № XI/1987. Budapest.
- ЖУКОВ, В. П. (1986): *Русская фразеология*. Москва: Высшая школа
- (1978): *Семантика фразеологических оборотов*. Москва: Просвещение.
- (1967): “Изучение русской фразеологии в отечественном языкознании последних лет”//*ВЯ* № 5/1967. Москва; 104-111.
- ИВАШКО Л. А. (1981): *Очерки русской диалектной фразеологии*. Ленинград: Ленинградский ун-тет.
- КОПЫЛЕНКО, М. М., ПОПОВА, З. Д. (1978): *Очерки по общей фразеологии: проблемы, методы, опыты*. Воронеж: Изд-во Воронежского ун-та.
- (1972): *Очерки по общей фразеологии*. Воронеж.
- КУНИН, А. В. (1986): *Курс фразеологии современного английского языка*. Москва: Высшая школа.
- (1972): *Английская фразеология*. Москва: Высшая школа.
- (1970): *Английская фразеология (теоретический курс)*. Москва: Высшая школа.
- МЕЛЬЧУК, И. А. (1960): “О терминах ‘устойчивость’ и ‘идиоматичность’” en *ВЯ* № 4, 1960 Москва; 73-80.
- MIRONESKO BIELOVA, E. M. (1997): *Fraseología rusa. Teoría y práctica*. Barcelona: Ediciones LU, Librería Universitaria.
- МОКИЕНКО, В. М. (1989): *Славянская фразеология*. Москва: Высшая школа. // (2000) *Fraseoloxía eslava. Manual universitario para a especialidade de lingua e literatura rusas*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades; 502 paxs.
- МОЛОТКОВ, А. И. (1977): *Основы фразеологии русского языка*. Ленинград: Наука.
- НАЗАРЯН, А. Г. (1987): *Фразеология современного французского языка*. Москва: Высшая школа.
- ПОЛИВАНОВ, Е.Д. (1928): *Введение в языкознание для языковедческих вузов VI*. Ленинград: Издание Ленинградского восточного института
- ПОПОВ, Р. Н. (1976): *Фразеологизмы современного русского языка с архаичными значениями и формами слов*. Москва: Высшая школа.

- ПОТЕБНЯ, А.А. (1894): *Из записок по русской грамматике*. Москва.
- РОЙЗЕНЗОН, Л. И. (1973): *Лекции по общей и русской фразеологии*. Самарканд: СамГУ.
- РОЙЗЕНЗОН Л.И., АВАЛИАНИ Ю.Ю. (1967): “Современные аспекты и изучение фразеологии” en *Проблемы фразеологии и задачи ее изучения в высшей и средней школе*. Вологда.
- SAUSSURE de, Ferdinand (2000): *Curso de lingüística xeral*. Madrid: Akal.
- СМИРНЦКИЙ, А. И. (1956): *Лексикология английского языка*. Москва: ИЛ.
- СРЕЗНЕВСКИЙ, И.И. (1872): “Замечания об образовании слов из выражений” en *Известия ОРЯС*, 1872, т. X.
- ТАГИЕВ, М.Т. (1966а): *Глагольная фразеология современного русского языка: опыт исследования фразеологических единиц по окружению*. Баку.
- (1966б): “Фразеологизм как единица языка” en *Ученые записки Азерб. Гос. Ун-та*. №5-6.
- ТАТАР, Б. (1992): *Фразеология современного русского языка*. Будапешт: Танкеньвкиадо.
- ТЕЛИЯ В. Н. (1979): “Фразеологизм. Фразеология” en *Русский язык. Энциклопедия*. Москва: Советская энциклопедия; 381-385.
- (1966): *Что такое фразеология*. Москва: Наука.
- ТОЛИКИНА, Е. Н. (1966): “О природе и характере синонимических связей ФЕ и слова” en *Очерки по синонимике современного русского литературного языка*. Москва: Ленингра; 96-107.
- ФОРТУНАТОВ, Ф.Ф. (1956): *Сравнительное языкознание. Избранные труды*. т. 1. Москва.
- ЧЕРНЫШЕВА, И.И. (1970): *Фразеология современного немецкого языка*. Москва: Высшая школа.
- ШАНСКИЙ, Н. М. (1985): *Фразеология современного русского языка*. Москва: Высшая школа.
- ШАХМАТОВ, А.А. (1941): *Синтаксис русского языка*. Ленинград.
- ШМЕЛЕВ Д.Н. (1977): *Современный русский язык. Лексика*. Москва: Просвещение.
- (1973): *Проблемы семантического анализа лексики*. Москва: Наука.
- (1964): *Очерки по семасиологии русского языка*. Москва: Просвещение.